



Concello de Mazaricos

Bases que rexerán a convocatoria e o proceso de selección, en réxime laboral temporal de CINCO PEÓNS que se integrarán na brigada que se constituirá en colaboración co concello de Dumbría para execución do proxecto: "Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e á recuperación do medio natural degradado ou contaminado nos concellos de MAZARICOS - DUMBRIA".

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a regulación da selección de CINCO PEÓNS DE MANTEMENTO DE VÍAS que se integrarán na brigada, que se constituirá en colaboración co Concello de Dumbría, entidade que actuará como administración contratante, para a realización do proxecto denominado: **"Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e á recuperación do medio natural degradado ou contaminado nos concellos de MAZARICOS - DUMBRIA",** no marco da subvención solicitada ao abeiro da *ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG n.º 15 de 25 de xaneiro de 2021).*

Esta brigada levará acabo os traballos necesarios para mellorar o estado das infraestruturas viarias e espazos libres de carácter rural situados en ámbitos de lecer de xeito compatible co seu carácter de espazos protexidos.

A presente convocatoria **queda condicionada á resolución favorable** da solicitude de subvención, presentada o día 25 de febreiro de 2021 polo Concello de Dumbría, en representación dos concellos de Mazaricos e Dumbría á Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas EE.LL. ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regula o Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, (DOG n.º 15 de 25 de xaneiro de 2021 - Rexistro nº 2021/408701), en tanto en canto dita axuda financia a contratación laboral resultante do presente proceso selectivo. De acordo co anterior o contrato de traballo non se formalizará ata que a resolución referida teña entrada no rexistro municipal.

Os traballos a realizar consistirán en:

- Limpeza e roza con medios manuais da vexetación invasora dos bordos dos camiños, tendo coidado de non destruír as sebes e valados que se configuran coma corredores ambientais.
- Limpeza e re-apertura de cunetas.
- Reparación dos camiños e sendas, con estabilización, estendido de terras e compactación onde sexa preciso.
- Plantación de especies autóctonas coma carballos (*Quercus robur*), freixos (*Fraxinus excelsior*), abeleiras (*Corylus avellana*) e sabugueiros (*Sambucus nigra*), sebes de escambróns (*Crataegus Monogyna*).
- Outros traballos análogos.

Segunda: Normativa aplicable.



Concello de Mazaricos

- Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia;
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Convenio de colaboración entre os Concellos de Mazaricos e Dumbría asinado o 22 de febreiro de 2021.
- Restante normativa vixente na materia.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

A modalidade de contrato é a regulada polo art. 15.1ª) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, é dicir, contrato de duración determinada, (obra ou servizo determinado de **TRES MESES** e a xornada completa (37,30 horas á semana).

As retribucións ascenden a **1.108,33 €/mes**, teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a venres, adaptaranse ás necesidades do servizo.

A cuadrilla dependerá organicamente do Alcalde-Presidente do Concello de Dumbría, entidade coa que o Concello de Mazaricos ten asinado un convenio de colaboración o día 22 de febreiro de 2021.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivos os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse estes requisitos durante a duración de todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.



Concello de Mazaricos

- b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- e) Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f) Estar en posesión certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.
- g) Dispor de carné de conducir tipo B.
- h) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo público de emprego de Galicia

Quinta: Presentación de instancias.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde de Mazaricos no modelo que figura como **ANEXO I** ás presentes bases. Os interesados presentarán unha instancia que irá acompañada da documentación a que se refire a presente base.

Presentaranse no Rexistro Xeral Municipal, durante o prazo de **CINCO (5) DIAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte á publicación da oferta no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da titulacións esixida
- Fotocopia do permiso de condución.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego **actualizada**.

Sexta: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditara resolución dentro dos **CINCO (5) días hábiles** seguintes na que se aprobará a lista **provisional** de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e tamén se anunciará a título informativo na páxina web municipal na mesma data. Concederáse un prazo de **TRES (3) días hábiles** para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.



Concello de Mazaricos

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e datas da celebración das probas prácticas e o chamamento dos aspirantes.

Sétima: Tribunal Cualificador.

O tribunal terá a seguinte composición, de acordo co art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): Un presidente, tres vogais e un secretario, que serán nomeados na resolución definitiva de aspirantes admitidos-excluídos.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Oitava: Selección dos aspirantes

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de **OPOSICIÓN** de acordo co seguinte detalle:

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a **letra "Y"**, conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2021, (DOG nº 24, de data 5 de febreiro de 2021).



Concello de Mazaricos

As cualificacións dos exercicios faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas no Taboleiro de anuncios do Concello (tamén no sitio web municipal www.mazaricos.gal).

A oposición consistirá na realización de unha proba práctica que consistirá no seguinte:

- Manexo dunha desbrozadora manual, valorándose a actitude, rapidez, habilidade e coñecementos no manexo, a calidade do traballo realizado, a non afección de especies protexidas, a limpeza e recollida selectiva de residuos, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto.

Esta proba será determinada polo tribunal antes do comezo da súa realización debendo ser executada en tempo e forma que o tribunal determine.

Puntuarase **ata un máximo de 10,00 puntos**. Para superar as probas os aspirantes deberán de obter unha puntuación total igual ou superior a 5,00 puntos.

Desempate

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as este resolverase pola antigüidade na situación de desemprego, e se persiste o empate resolverase por sorteo no que estarán presentes os candidatos nesta situación.

Novena: Relación de Aprobados

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo superar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e no sitio web municipal.

De acordo coa relación, elevarase ao Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de selección.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán no prazo de **OITO (8) días hábiles**, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos e no sitio web do concello (www.mazaricos.gal) os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido e do permiso de conducir.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.



Concello de Mazaricos

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera por falsidade na solicitude de participación.

Décima: Formalización do contrato.

De acordo ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Mazaricos e Dumbría, asinado o 22 de febreiro de 2021, o Concello de Mazaricos remitirá ao Concello de Dumbría certificación co resultado do seu proceso de selección achegando tamén aqueles datos necesarios para a realización dos trámites de alta de cada un dos traballadores seleccionados.

O Concello de Dumbría será o encargado da realización dos contratos e demais trámites de alta dos traballadores, así como da confección e pago das nóminas e liquidacións posteriores.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase. Tal e como establece a Base Primeira esta convocatoria **queda vinculada á resolución favorable** da solicitude presentada o día 25 de febreiro de 2021 polo Concello de Dumbría, en representación dos concellos de Mazaricos e Dumbría á Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas EE.LL. ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG n.º 15 de 25 de xaneiro de 2021 - Rexistro nº 2021/408701).

Undécima: Lista de reserva

Na acta da selección, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de equivalentes.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

Duodécima: Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.



Concello de Mazaricos

ANEXO I

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:	DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
ENDEREZO:	C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
EXPOÑO: Que á vista da convocatoria para a selección de CINCO PEÓNS DE MANTEMENTO DE VÍAS que se integrarán na brigada, que se constituirá en colaboración co Concello de Dumbría (que actuará como administración contratante), para a realización do proxecto denominado: "Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e á recuperación do medio natural degradado ou contaminado nos concellos de MAZARICOS - DUMBRIA" DECLARANDO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base cuarta da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma,			
SOLICITO A MIÑA PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE REFERENCIA DE CONFORMIDADE COAS BASES DA CONVOCATORIA.			
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:			
<input type="checkbox"/> Fotocopia do D.N.I. <input type="checkbox"/> Fotocopia da titulación esixida (certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente) <input type="checkbox"/> Fotocopia do permiso de condución. <input type="checkbox"/> Acreditación da situación de desemprego <input type="checkbox"/> Outros (sinalar):			

En Mazaricos, a de de 2021

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MAZARICOS (A CORUÑA)